

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN TUTELAR GALEGA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL "SÁLVORA" PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS DA ENTIDADE EN RELACIÓN AOS APOIOS NO EXERCICIO DA CAPACIDADE XURÍDICA DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NO EXERCICIO 2023**

Lugar e data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

**Dunha parte:**

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución do 8 de abril de 1991, no Diario Oficial de Galicia número 82 do 30 de abril de 1991.

**Doutra parte:**

Don Jacinto Lareo Jiménez presidente da Fundación Tutelar Galega para Persoas con Discapacidade Intelectual "Sálvora" (en adiante Fundación Sálvora), con DNI 35965684D, nomeado na xuntanza xeral do padroado de data 17.01.2017, como o recolle a acta de dita reunión, e como consta no Rexistro de Fundacións, que actúa en nome e representación da entidade con NIF G36733046, de acordo co recollido no artigo 19 dos seus estatutos.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e

**EXPOÑEN**



**I.** Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas, ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

**II.** Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

**III.** Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e, polo tanto, a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

**IV.** Que a Fundación Sálvora é unha entidade de natureza fundacional, que foi clasificada como benéfico - social pola Orde do 10 de abril de 1991 e declarada e inscrita co número 1991/7 como fundación de interese galego pola Orde do 11 de abril de 1991 baixo o protectorado da entón Consellería de Traballo e Servizos Sociais.

Actualmente, a fundación está baixo o protectorado da Consellería de Política Social e Xuventude en virtude da Orde do 2 de febreiro de 2016 pola que se modifica a adscrición de determinadas fundacións de interese galego e se ordena a súa adscrición ás consellerías competentes para o exercicio das funcións de protectorado.

Así mesmo, a Fundación Sálvora figura recoñecida e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-319.

A entidade presta toda clase de servizos, axudas e atencións ás persoas con discapacidade intelectual, sendo o seu fin velar polos intereses destas persoas, en especial daquelas das que ten encomendada o exercicio da súa capacidade xurídica.



En cumprimento co disposto no artigo 12 da Convención Internacional de Dereitos das Persoas con Discapacidade da Nacións Unidas , entrou en vigor a Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio das persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica. Esta lei supón un cambio fundamental nas medidas de apoio ás persoas con discapacidade. Con esta reforma eliminase un modelo de substitución das persoas con discapacidade intelectual para adoptar un modelo de apoio na toma de decisións, baseado no respecto da vontade e preferencias das persoas con discapacidade.

O exercicio da capacidade xurídica é unha actividade desenvolta nesta entidade e continuada no tempo. Está destinada á prestación de apoios para o exercicio da capacidade xurídica e a toma de decisión ás persoas que o precisen e para aqueles para os que se estableceu unha medida de apoio, xudicial ou voluntaria.

O exercicio da capacidade xurídica posibilita que se poidan prestar os apoios precisos en tódolos ámbitos, asegurándose a súa participación activa, co fin último de mellorar a calidade de vida a 60 persoas respectando os seus dereitos, vontade, desexos e preferencias, que foron encomendadas de maneira xudicial ou voluntaria a 1 de xaneiro de 2023, ademais dun número indeterminado de posibles novos cargos a asumir ou longo do 2023.

Realízanse seguimentos continuos dos proxectos de vida de cada persoa apoiada, en coordinación cos servizos residenciais, os servizos sociais de referencia, as familias e calquera persoa que teña un vínculo coa persoa. Os apoios prestados abarcan todos os ámbitos da vida das persoa e planifícanse en función das súas necesidades e demandas coa finalidade de manter ou fomentar a autonomía, participación activa e autodeterminación de cada persoa.

**V.** Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con discapacidade intelectual, en especial daquelas que teñen encomendada o exercicio da súa capacidade xurídica dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.



VI. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Sálvora debe ser considerada como unha entidade singular dentro dos servizos especializados en materia do exercicio da capacidade xurídica de persoas con discapacidade intelectual no ámbito da Comunidade Autónoma. A Fundación Sálvora é a única entidade de ámbito autonómico que dispón dos medios humanos e materiais necesarios para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio. A súa singularidade dificulta a súa convocatoria pública e, polo tanto, pode ser subvencionadas a través dun procedemento de concesión directa.

Con respecto a súa singularidade cómpre destacar as seguintes particularidades da entidade:

- a) Presta un servizo totalmente independente.
- b) Posúe unha singular forma de atención no exercicio da capacidade xurídica.
- c) Proporciona un servizo especializado, personalizado e gratuíto de asesoramento social e xurídico a familias e/ou responsables de persoas con discapacidade intelectual.
- d) No ámbito dos servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia é a pioneira no exercicio da capacidade xurídica de persoas con discapacidade intelectual.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que van dirixidas, por outra, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles, e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, conforme ao previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas con discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, quedando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



Polo exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

### **ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para contribuír ao financiamento das actuacións da entidade en relación aos apoios no exercicio da capacidade xurídica das persoas con discapacidade intelectual no exercicio 2023, de acordo coas seguintes

### **CLÁUSULAS:**

#### **PRIMEIRA. *Obxecto***

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Xuventude a través da concesión directa dunha subvención, das actuacións da Fundación Sálvora no ano 2023 que se recollen na cláusula segunda e que están relacionadas cos apoios no exercicio da capacidade xurídica das persoas con discapacidade intelectual que se atopan baixo a súa protección.

Coas actuacións para o exercicio da capacidade xurídica facilitarase o desenvolvemento pleno da personalidade e o desenvolvemento xurídico mediante os apoios necesarios e de xeito concreto en relación a sesenta (60) persoas maiores de idade encomendadas de maneira xudicial ou voluntaria dende o 1 de xaneiro de 2023, ademais dun número indeterminado de posibles novos cargos a asumir ao longo deste ano.

#### **SEGUNDA. *Actuacións subvencionables***

1. Será actuación subvencionable a actividade continuada no tempo destinada a apoiar ás persoas con discapacidade intelectual para as que se estableceu unha medida de apoio no exercicio da súa capacidade xurídica, ben pola súa propia vontade ou pola autoridade xudicial.

Así mesmo, considéranse subvencionables as actuacións de información e asesoramento que se expoñen máis adiante.

2. As actuacións de apoio no exercicio da capacidade xurídica desenvólvense desde as diferentes áreas encargadas de apoiar á persoa con discapacidade intelectual, no exercicio desta en aspectos relacionados coa súa esfera persoal, económico-



patrimonial e xurídica, respectando os seus dereitos, vontade, desexos e preferencias, sempre que estea debidamente acordado na resolución do sistema xudicial de provisión de apoios. Estas actuacións son as seguintes:

a) Actuacións no ámbito persoal das persoas con discapacidade intelectual:

1º. Acollemento e orientación á persoa sobre a prestación dos apoios no exercicio da capacidade xurídica e a resolución adoptada polo xulgado competente.

2º. Realización dunha valoración inicial e continuada das necesidades de apoio individuais, eleccións e preferencias e busca da solución máis axeitada en función das súas características e situación.

3º. Xestión da documentación persoal: NIF, tarxeta sanitaria, situación de dependencia, tarxeta de transporte ou padrón municipal, entre outras.

4º. Realizar o seguimento e avaliación da atención individualizada.

5º. Manter o contacto e coordinación cos diferentes apoios que a persoa recibe como cos profesionais de centros residenciais, laborais, servizos sociais comunitarios, voluntariado, lecer, ou similares.

6º. Fomentar e manter a coordinación, nos casos en que conte con iso, coa familia ou coa contorna social próxima que teñen relación coa persoa, realizando entrevistas persoais e visitas domiciliarias.

7º. Representar e apoiar á persoa con discapacidade no exercicio dos seus dereitos.

8º. Facilitar as oportunidades para a promoción da súa inclusión, incorporación e participación plena na comunidade e en todos os ámbitos da vida social que a persoa desexe.

9º. Apoiar e acompañar á persoa nos diferentes procesos vitais e en cambios relevantes como vivenda, perda de capacidades e morte.

10º. Realizar informes pertinentes e solicitudes de prestacións ás que a persoa teña dereito.

11º. Control e seguimento en todo o relacionado coa atención sanitaria das persoas sobre as que exerce as medidas de apoio. Acompañar e prestar apoio e



orientación á persoa, cando precise desta atención como para a solicitude de citas médicas, especialistas da saúde, servizos de urxencias e/ou, no seu caso, nos ingresos hospitalarios.

No caso de que a persoa afronte de maneira autónoma estas situacións, farase un seguimento se así o solicita.

12º. Realizar a tramitación das probas médicas de valoración, diagnóstico, determinación de tratamentos e réximes de vida, apoiando á persoa para que decida sobre o consentimento aos tratamentos médico-cirúrxicos que sexan necesarios.

13º. Elaborar un informe anual sobre a situación persoal e de seguimento dos apoios para informar á autoridade xudicial.

14º. Programación, coordinación e seguimento na realización de actividades de lecer e tempo libre.

15º. Compras de roupa e outros obxectos persoais ao comezo das tempadas de verán e inverno; e sempre que sexa necesario.

b) Actuacións no ámbito patrimonial das persoas con discapacidade intelectual:

1º. Seguimento ordinario e control dos seus ingresos e gastos.

2º. Elaboración da información económica e patrimonial para a formación do inventario dos seus bens.

3º. Acordar e elaborar coa persoa e coa área económica da Fundación Sálvora o orzamento económico; valorar e priorizar os gastos.

4º. Realizar sesións periódicas de información para a toma de decisións persoais en materia de xestión patrimonial no exercicio dos seus dereitos e obrigacións patrimoniais e fiscais.

5º. Elaboración das rendicións anuais de contas e a rendición da administración dos seus bens.

6º. Facer unha rendición xustificativa final.

7º. Notificar e coordinarse cos organismos oficiais, as entidades bancarias, as familias ou vínculos da persoa sobre a nova situación legal.



8º. Contabilización e xestión dos seus bens de forma rigorosa e detallada, buscando sempre as mellores condicións no único e exclusivo beneficio de cada unha das persoas sobre a que se exerce a capacidade xurídica.

c) Actuacións no ámbito xurídico das persoas con discapacidade intelectual:

1º. Rendición anual de contas aos xulgados sobre a súa situación persoal e patrimonial.

2º. Solicitud de autorizacións xudiciais.

3º. Atención ás demandas xudiciais.

4º. Seguimento e intervención en procesos xudiciais: herdanzas, testamentaría ou similares.

5º. Solicitud de autorización xudicial para os actos que determine a resolución, e os que establece o Código civil no artigo 287, cando exerza funcións de representación da persoa que precisa o apoio.

6º. Informar á autoridade xudicial sobre a partición de herdanza ou sobre a división de cousa común, que requirirá aprobación xudicial.

7º. Solicitud de autorización xudicial para a revisión das medidas de apoios que se estableceron con anterioridade á entrada en vigor da Lei 28/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, de acordo co establecido no artigo 268 do Código civil,

As medidas de apoio adoptadas serán revisadas periodicamente nun prazo máximo de 3 anos ou ante un cambio na situación da persoa que poida requirir unha modificación das medidas.

3. Así mesmo, será subvencionable a prestación do Servizo de información e asesoramento como servizo especializado, personalizado e gratuito de asesoramento social e xurídico a familias, así como a entidades que teñan fins similares, naquelas cuestións que puidesen ocasionarse no exercicio da capacidade xurídica das persoas con discapacidade, e sobre a protección de ditas persoas.

Ao tratarse dun servizo baseado en demandas, a entidade non pode determinar





de antemán o número de persoas beneficiarias atendidas.

O Servizo de información e asesoramento levará a cabo seguintes actuacións:

- a) Realizárase a través de entrevistas persoais concertadas nas áreas social e xurídica, por petición de información telefónica ou por correo electrónico.
- b) Acollida e información a calquera entidade ou persoa que o solicite (de luns a venres) e o seguimento que se estableza coas persoas interesadas.
- c) Asesoramento en relación á labor tutelar de persoas físicas.
- d) A coordinación e/ou derivación a outras entidades.
- e) O asesoramento xurídico individualizado.
- f) A participación en charlas ou mesas redondas nas que se requira a intervención da entidade.

### **TERCEIRA. Orzamento**

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que a Fundación Sálvora ten previsto desenvolver ascende á cantidade de 139.716,83€.

Para a realización das actividades descritas neste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará **cento vinte mil euros (120.000,00€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **13.04.312E.481.1** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, na que dispón de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio.

### **CUARTA. Obrigas da entidade**

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da entidade beneficiaria, para poder ser beneficiaria da subvención:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e programas, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os



compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá ao reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.

c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade, en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades que se subvencionan por medio deste convenio e nos lugares onde estas se realicen “Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude”, co seu respectivo logotipo.



i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Asemade, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

#### **QUINTA. Obrigas de documentación**

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coa descrición das actuacións a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para as mesmas actividades ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita pola persoa representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **SEXTA. Compatibilidade con outras axudas**

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actividades que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

#### **SÉTIMA. Forma de pagamento**



Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, de acordo coas seguintes condicións:

Efectuarase un pagamento do 20% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

O 80% restante farase efectivo unha vez rematadas e xustificadas todas as actividades do convenio, achegando a documentación prevista na cláusula novena.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso, tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou a documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

#### **OITAVA. *Gastos subvencionables***

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2023**.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución das actividades que se subvencionan por medio deste convenio, así como o gasto corrente directamente relacionado coas ditas actividades subvencionables. Os gastos repartiranse proporcionalmente entre as distintas actuacións de acordo coa desagregación recollida na memoria económica.

#### **NOVENA. *Xustificación***



1. Considerarase efectivamente realizado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados, que achegue a entidade beneficiaria. Este pagamento debe referirse ao gasto das actividades realizadas obxecto da concesión da subvención.

No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas.

No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ás actuacións subvencionadas, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados especificando o importe que corresponda a cada unha das actividades subvencionadas, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín da persoa provedora.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

2. Para os efectos de xustificación, unha vez rematadas todas as actividades que se subvencionan a través deste convenio, e en todo caso con data límite do 10 de decembro de 2023, a Fundación Sálvora remitirá á Dirección xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Xuventude a conta xustificativa e a xustificación do emprego da cantidade total das actuacións desenvolvidas.

Para isto, a entidade deberá achegar a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas que forman parte das actuacións que se subvencionan ao abeiro deste convenio.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1.º Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento xustificativo do gasto, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados



con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

2.º As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Nas facturas terán que facer referencia á imputación a este convenio.

3.º Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no 1º parágrafo.

4.º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5.º Os 3 orzamentos solicitados pola entidade beneficiaria, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 euros, de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6.º Se fose o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na letra b) e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora de contas inscrita como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, achegarase o informe da revisión efectuada pola referida persoa auditora de contas, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1º. Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas a través do convenio como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables.



2º. Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Fundación Sálvora deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando "Subvencionado pola Consellería de Política Social e Xuventude" e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

3º. Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula.

4º. Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

5º. Verificación do importe global percibido pola entidade beneficiaria como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado ao financiamento das actuacións obxecto do proxecto a subvencionar a través do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

A Fundación Sálvora estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

3. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito á subvención concedida e o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e as demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas de decembro, documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de liquidacións de cotizacións (RLC) de novembro e decembro e IRPF



correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2023, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2024.

#### **DÉCIMA. *Incumprimentos, reintegros e sancións***

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións subvencionables a través deste convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

Entenderase incumplida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola entidade beneficiaria se inclúsen gastos que non respondesen ás actividades subvencionadas, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito ao cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou as condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente en referencia ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto da concesión da subvención a través deste convenio, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.





Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. *Inexistencia de relación laboral***

A Fundación Sálvora queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual ~~alguna~~ entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actividades que se subvencionan a través del, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade á Consellería, (nin directa nin subsidiaria), polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

A Fundación Sálvora asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo as actividades establecidas no convenio.

#### **DÉCIMO SEGUNDA. *Comisión de seguimento e control***

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes da Fundación Sálvora, designados polas persoas que representen a cada unha das partes, así como aos seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración e será designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade e designada pola persoa que asuma a presidencia.

Como órgano colexiado, a comisión someterase ao réxime establecido neste convenio e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e



na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMO TERCEIRA. *Vixencia***

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas á realización do correcto cumprimento das actuacións que se subvencionan.

En todo caso os pagamentos dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio deberán estar efectivamente realizados na data límite de presentación da xustificación, o 10 de decembro de 2023.

#### **DÉCIMO CUARTA. *Obrigas de publicidade***

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### **DECIMO QUINTA. *Protección de datos***

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de



decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

### **DÉCIMO SEXTA. *Réxime xurídico***

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerase nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 24 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude. Os seus acordos porán fin á vía administrativa, e contra estes, poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ou acudir directamente á orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de acordo co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Se a resolución é expresa, poderá formular un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, ou poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e



na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Se o acto non fose expreso, poderá interpoñer un recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá formular directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de seis meses que se contará para a persoa solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, ambos os dous comparecentes o asinan no lugar e data expresados.

A conselleira de Política Social e  
Xuventude

O presidente da Fundación Tutelar  
Galega para Persoas con  
Discapacidade Intelectual "Sálvora"

Fabiola García Martínez

Jacinto Lareo Jiménez

